

A avaliación formativa na aula de idiomas



A EOI de Santiago e a avaliación formativa

Na procura da mellora do desempeño e actualización científica e didáctica do noso profesorado, a Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela abordou a avaliación formativa no Plan de Formación Permanente do Profesorado en dúas ocasións (2017-2018 e 2021-2022).

Este documento é parte dos materiais creados nese plan.

Contidos

1. **QUE** é a avaliación formativa?
2. **COMO** se fai a avaliación formativa?
3. **QUEN** fai avaliación formativa?
4. **TICs** para a avaliación formativa.

QUE

é a avaliación formativa

- Definición
- Xustificación no ensino de idiomas
- Avaliación formativa vs. avaliación sumativa
- 5 estratexias para incorporar a avaliación formativa á práctica docente



Definición

A **avaliación formativa** refírese ao abano de **procedementos e ferramentas** que empregan o profesorado e o alumnado de forma continua para obter, analizar e usar información sobre os coñecementos e habilidades do alumnado coa finalidade de tomar decisións que favorezan o **progreso** na súa aprendizaxe.
(Wiliam 2018:48)

É dicir, mediante a avaliación formativa, cada alumno/a sabe de onde parte, cal é a súa meta, e como debe facer para chegar a ela.

Xustificación

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas nas EOI:

- O MECR menciónaa como **elemento imprescindible** na aprendizaxe de linguas (MCER, p.260).
- Fai ao alumnado responsable da súa aprendizaxe e favorece a súa **autonomía** e capacidade de **aprender a aprender**, unha das competencias clave recollidas na LOMCE.
- É a maneira máis eficaz de mellorar o **rendemento académico**, segundo numerosos estudos (Wiliam 2018).
- Ademais, axuda ás EOI na súa función de **orientar e guiar** as persoas adultas na adquisición e uso de linguas, como axentes sociais que utilizan a lingua en contextos diversos.

Formativa vs. sumativa (1)

	Avaliación formativa	Avaliación sumativa
Para que?	Informar ao alumnado da súa aprendizaxe para facilitar o progreso Informar ao profesor/a sobre a efectividade das súas instrucción para melloralala	Avaliar a aprendizaxe: • Calificar • Certificar
Quen?	• Profesor/a → ao alumnado • O alumnado → a sí mesmo • O alumnado → aos seus compañeiros	O/A profesor/a → alumnado
Como?	Con técnicas, accións e ferramentas sinxelas, variadas, manexables polo alumnado e cunha función moi específica, e usando a seguintes estratexias: 1. Aclarar, compartir e comprender as intencións da aprendizaxe e os criterios de avaliación. 2. Amosar evidencia da aprendizaxe 3. <i>Feedback</i> para o progreso 4. Usar a co-avaliación 5. Fomentar a responsabilidade persoal	Con criterios prescriptivos e ferramentas válidas, fiables e viables (exames, rúbricas, <i>checklists</i> , etc.)

Formativa vs. sumativa (2)

Avaliación formativa			Avaliación sumativa
Cando?	Tres tipos segundo o momento e a duración (Wiliam 2018:51)		
	Ciclo longo	Ciclo medio	Ciclo curto
	Durante o curso para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos curriculares.	Durante unha unidade para implicar ao alumnado na avaliación do seu progreso.	Minuto a minuto ou día a día para facer ao alumnado consciente e responsable da aprendizaxe.
	A avaliación de ciclo curto é priotaria para Wiliam polo seu maior impacto no alumnado.		

Ao **final** de cada:

- unidade
- trimestre
- curso

5 estratexias para incorporar a avaliación formativa á práctica docente

1. Aclarar, compartir e comprender as intencións da aprendizaxe e os criterios de avaliación.
2. Amosar evidencia de que a aprendizaxe está a ter lugar.
3. Proporcionar *feedback* para potenciar o progreso.
4. Aproveitar a co-avaliación como axuda para a aprendizaxe.
5. Facer a cada alumno responsable da súa aprendizaxe.

Estratexia 1

Aclarar, compartir e comprender as intencións da aprendizaxe e os criterios de avaliación




Possible técnica:

Debates en parellas ou grupos dando feedback sobre a actuación dun alumno. O profesor propón preguntas sinxelas a debater.

Estratexia 2

Amosar **evidencia** de que a aprendizaxe está a ter lugar.



Posible técnica:

Facer escoita interpretativa.

O/a profesora/a fai preguntas que comean con por que para comprobar se está habendo aprendizaxe

Estratexia 3

Proporcionar *feedback* para potenciar o progreso.



Posible técnica:

Dar feedback que promova a reflexión e se centre nos obxectivos de aprendizaxe que se estableceron.

Debe dar máis traballo ao receptor que ao que dá o feedback.

Estratexia 4

Aproveitar a co-avaliación como axuda para a aprendizaxe.


Posibles técnicas:

- Mellora a(s) tarefa(s) do teu compañeiro
- Puntuar ao traballo dos compañeiros con dúas estrelas e un desexo (dous puntos fortes e algo que desexarías mellorar).
- Alumno "informador": o/a profesor/a divide a clase en grupos e ao final de cada clase, pide a cada grupo que enumere o aprendido. Pasados uns minutos, en cada grupo, un voceiro comunica o aprendido e o profesor recólleo nun documento común que se compartirá.



Estratexia 5

Facer de cada alumno **responsable** da súa aprendizaxe



Posibles técnicas:

- O semáforo: o alumnado avalía o grao de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe elixindo unha cor.
- Portfolios.
- Diarios individuais de aprendizaxe: recollen o aprendido/non aprendido.

COMO

se fai avaliación formativa

- Funcións de profesorado e alumnado
- Obxectivos da aprendizaxe
- Tratamento do erro
- Comprobación da comprensión
- O *feedback* na avaliación formativa
- A importancia da reflexión

2

A avaliación formativa é un como



É fundamental recordar sempre que a avaliación formativa:

- É un **proceso** constante e diario de feedback
- Involucra 2 usuarios principais: o **alumnado** e o **profesorado**.
- Consiste en **estratexias** e **técnicas** que permiten ao alumnado participar activamente en dirixir a súa aprendizaxe.
- Ocorre **durante** e **entre** cada unha das leccións.
- Esixe recoller **evidencias** do progreso.
- Informa un **axuste** constante na aprendizaxe e na docencia
- Implica a **participación activa** no feedback do propio alumno/a, d@s compañeirs de aula, do profesorado

Profesorado: xerar e avaliar evidencias de aprendizaxe

Onde estou?

O meu obxectivo

Onde vou?

O meu progreso actual

Como chego?

Os meus próximos pasos

Alumnado: xerar e avaliar evidencias de aprendizaxe



Preguntas-guía para incorporar a avaliación formativa á nosa praxe:

- Que terá que saber o alumnado para tener un obxectivo de aprendizaxe claro?
- Que estratexia/técnica obterá evidencias de progreso hacia ese obxectivo?
- Como explicarei e amosarei esa estratexia/técnica ao alumnado para que a entenda?
- Que ferramenta empregarei para facer un seguimento do progreso do alumnado?
- Como decidirei que alumn@s vou monitorizar durante a lección?
- Cando recollerei as evidencias?
- Cando interpretarei as evidencias e tomarei decisións baseadas nesa información?
- Cando e como proporcionarei ao alumnado feedback sobre o seu progreso na aprendizaxe?

Que ten que facer o profesorado?

- **Identificar** o obxectivo de aprendizaxe e que se necesita saber facer para logralo.
- **Planificar** estratexias/técnicas de AF que obterán evidencias de progreso.
- **Seleccionar** ferramentas para realizar estas estratexias/técnicas.
- **Recoller** evidencias de traballo e de aprendizaxe.
- **Interpretar** as evidencias recollidas.
- **Tomar** decisións baseadas nas evidencias.
- **Compartir** co alumnado como e cando vas incorporar a AF na aula.
- **Determinar** que alumnado vas monitorizar na clase.
- **Proporcionar** ao alumnado feedback sobre o proceso/produto da súa aprendizaxe.
- **Reflexionar** sobre os logros da súa docencia.
- **Reaxustar** a súa docencia.

Que ten que facer o alumnado?

- **Coñecer** e **comprender** o obxectivo de aprendizaxe.
- **Reflexionar** sobre onde está en cada momento respecto a ese obxectivo.
- **Establecer** retos significativos e alcanzables e os pasos para logralos.
- **Participar** activamente en el proceso e tarefas de aprendizaxe.
- **Participar** activamente nas actividades de AF.
- **Reflexionar** sobre as evidencias de aprendizaxe baseadas no feedback proporcionado polos compañeiros e polo profesorado.
- **Axustar** as metas de aprendizaxe e os seus seguintes pasos.

Obxectivos da aprendizaxe

- Por que é importante comunicalos
- Como comunicalos
- Que é un obxectivo ben redactado
- Estratexias para comunicar obxectivos
- Exemplos



Por que é importante comunicar os obxectivos



- A aprendizaxe é un proceso baseado no progreso: debe haber unha meta á que dirixirse.
- Todo o proceso da AF baséase en que haxa un entendimento compartido entre o profesorado e o alumnado sobre os obxectivos e os resultados de aprendizaxe.
- O coñecemento dos obxectivos leva a melloras no rendimento do alumnado.
- O alumnado sabe cara onde dirixir a súa aprendizaxe e como melloralala.
- O profesorado sabe como planificar as súas clases.

Dez estratexias para comunicar obxectivos

10

1. Proporcionar esquemas/resumos orais e escritos do obxectivo.
 2. Lectura coral do obxectivo.
 3. Pedir ao alumnado que reformule o obxectivo nas súas palabras.
 4. Proporcionar produtos e textos modelos dos resultados desexados.
 5. Pedir ao alumnado que saque conclusións do obxectivo a partires dun produto ou texto modelo.
 6. Pedir ao alumnado que prediga se conseguirá ou non o obxectivo:
Coido que lograrei o obxectivo porque _____.
Coido que vai ser difícil lograr este obxectivo porque ____.
1. Pedir ao alumnado que faga un resumo do obxectivo.
 2. Aproveitar as oportunidades de repetir o obxectivo durante a clase.
 3. Crear un espazo específico na aula para publicar os obxectivos e crear momentos para visitalo.
 4. Catro paredes: Escribir ou proxectar o obxectivo. O alumnado móvese de parede en parede falando destas 4 preguntas (1 por parede):
Que quere dicir este obxectivo?
Atá que punto xa lograra eu este obxectivo?
Que teño que facer na aula para lograr este resultado?

Os obxectivos ben redactados (I)



- Son suficientemente amplos para englobar todo o que se vai ensinar na clase.
- Son suficientemente específicos en contidos para garantir que o alumnado saiba cales son os resultados desexados da súa aprendizaxe.
- Son coñecementos, destrezas ou razoamentos baseados nos estándares curriculares e medibles.
- Incorporan tanto as “hard skills” (los estándares) coma as “soft skills” necesarias para utilizar a lingua con éxito.
- Están escritos en linguaxe que entenda o alumnado: “student-friendly language”, evitando metalinguaxe.
- Son pequenos (“bite-size”), precisos, e estratéxicos.
- Comunícanse oralmente e por escrito, e repítense durante a clase.

Os obxectivos ben redactados (II)



Segundo Nuria Vallejo ():

Os obxectivos redáctanse comezando por un **verbo en infinitivo** e deben ser **avaliables** permitindo comprobar se se alcanza o resultado.

Os obxectivos deben ser:

- **Claros e concretos**, que non confundan ou dean vía libre a interpretacións.
- **Medibles**: formulados de forma que teña un resultado alcanzable.
- **Reais**: referidos a procesos reais que se poidan observar.

Aquí podes consultar unha listaxe de verbos en infinitivo útiles para redactar obxectivos claros, concretos, avaliáveis, medibles e reais:

<https://ojulearning.es/2017/06/como-redactar-los-objetivos-de-aprendizaje-perfectos>

EXEMPLO de como unha visión clara e comprensible do obxectivo de aprendizaxe (mediación) (1)

- Compatirlo “tal cal” (“As is”): demasiado árido

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir con flexibilidade, corrección e eficacia, oralmente ou por escrito, unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

- Convertirlo en linguaxe amigable (exemplo de Carla Dechant).

Describir a información contida nun gráfico circular para que a comprenda outra persoa. (AMPLO)
Este obxectivo conleva 3 “mini” obxectivos (ESPECÍFICO)

- **Explicar** de maneira clara a información xeral e os datos máis relevantes contidos nun gráfico circular.
- **Producir** un texto escrito ben organizado que facilite a comprensión.
- **Empregar** unha variedade de linguaxe expresando porcentaxes e proporcións para describir datos nun gráfico circular.

- Convertir a rúbrica en linguaxe amigable, incuín nela os criterios de calidade.

Tratamento do erro

- Tipoloxía do erro*
- Que, cando e como corrixir
- O *feedback*



Tipoloxía do erro* (*mistake*)

- **Despiste** (*slip*)
- **Intento** (*attempt*)
- **Erro** (*error*)

- **Despiste** (*slip*): Os/as estudantes poden autocorrixilo. Precisa de ningunha ou mínima intervención.
- **Erro** (*error*): erros que non poden corrixir e sobre os que, por tanto, se precisa intervención.
- **Intento** (*attempt*): Os/as estudantes tentan dicir algo, mais aínda non coñecen a forma correcta de o facer. Danos moita información sobre os seus coñecementos actuais e proporciónanos oportunidades de reforzo ou introdución de contidos.



*Segundo Julian Edge: *Mistakes and Correction* (Longman, 1989).
(O MCERL tamén contempla o erro e o seu tratamento na sección 6.5)

Clases de erro* (**error**):

- **Erro de transferencia** (influencia/interferencia da/s L1, L2, etc): pode ser a nivel fonético, gramatical ou léxico. Cómpre termos en conta que a transferencia pode ser tamén positiva.
- **Erro de desenvolvemento**: son parte natural da aprendizaxe dunha lingua (L1 ou L2), produto da sobrexeneralización e da súa **interlingua** (isto é, a versión da lingua que ten nun momento concreto do seu desenvolvemento e que continuamente está a remodelar na procura da mestría total). O papel do profesorado debe ser o de proporcionar *feedback* e axuda a este proceso de remodelación, e non tanto sinalar que non o están a facer ben.



*Segundo Julian Edge: *Mistakes and Correction* (Longman, 1989).
(O MCERL tamén contempla o erro e o seu tratamento na sección 6.5)

Tratamento do erro: **que** corrixir?

Nas **tarefas orais**:

- débense corrixir practicamente todos os erros nos exercicios de **drilling** (de pronuncia/fonética, de estruturas, etc.) e, en xeral, en todos aqueles en que se pretenda traballar a corrección
- nos exercicios de **producción libre**, deberíase proporcionar *feedback* máis selectivo, sobre todo sobre os erros que provocan inintelixibilidade e/ou fenda na comunicación, e os fosilizábeis.

Nas **tarefas escritas**, como a corrección non provoca unha interrupción da produción, débese corrixir/proporcionar *feedback* de forma exhaustiva ao longo do curso.

Tratamento do erro: cando corrixir?

Nas tarefas orais:

- cando se traballa a **fluidez**, no medio da produción pódense sinalar incorreccións de forma non explícita e, despois, proporcionar feedback ao final
- para o caso da **adecuación**, a **coherencia**, a **cohesión** e a **riqueza**, o feedback débese proporcionar tan só ao acabar
- Cando se traballa a **corrección**, as indicacións serán, sobre todo, no momento en que se produce o erro

Nas tarefas escritas enfocadas ao **proceso**, o feedback débese proporcionar durante o mesmo. Nas tarefas escritas enfocadas ao **resultado**, o feedback pódese dar ao final, coidando o xeito en que se fai para que sexa o mais productivo posible.

Tratamento do erro: como corrixir?

- Damos notas ou non?
- Códigos de cores/letras especificando tipo de erro?
- Indicando forma correcta ou dobre corrección?
- Corrección inductiva ou dedutiva?
- Remitir a recursos onde se explique o erro?




Como tratar o erro na expresión escrita:

- **Damos notas ou non?** Non, porque o alumnado tende a quedarse coa nota numérica (nas actividades escritas) e non a reparar no *feedback* en si mesmo, que deberá estar orientado a que o alumno/a reflexione sobre o erro e o remedie.
- **Métodos de corrección/feedback** na produción escrita:
 - Subliñando o erro para que o corrixa, mesmo proporcionando unha ligazón a onde se explica, ou indicando recursos de axuda.
 - Indicando os erros por medio de símbolos e/ou cores, para que os corrixan.
 - Indicando número de erros por categoría (ortografía, gramática, sintaxe, etc).
 - Dando o texto a outro alumno/a para que o corrixa (*peer feedback*).
 - Facendo un reconto dos erros da clase para que o grupo e/ou cada alumno/a os identifique.
 - Centrándose nun número reducido de erros.
 - Proporcionando *feedback* oral/escrito por medio dunha aplicación informática.
 - Usando métodos indutivos cando xa se traballou a norma previamente.

Como tratar o erro na **expresión oral**:

- **Damos notas ou non?** Non, porque o alumnado tende a quedarse coa nota numérica (nas actividades orais) e non a reparar no *feedback* en si mesmo, que deberá estar orientado a que o alumno/a reflexione sobre o erro e o remedie.
- **Métodos de corrección/*feedback*** na produción oral:
 1. Responder “Non”, esperando que o alumno se autocorrixa.
 2. Repetir a frase correcta.
 3. Recorrer á metalingua (“non leva artigo”), esperando que o alumno se autocorrixa.
 4. Pedir que o erro sexa corrixido por outros alumnos (corrección entre iguais).
 5. Repetir a frase até onde se comete o erro, esperando que o alumno se autocorrixa.
 6. Repetir o erro con certa entoación e/ou apoio xestual, esperando que o alumno se autocorrixa. A miúdo acontece que o alumnado tende a pensar que é un comentario sobre o contido.
 7. Finxir que non se entende e pedir unha aclaración. Desta maneira, o alumno faría unha aclaración, tendo como efecto positivo adicional que o alumno gañe en fluidez e capacidade de explicarse en L2.
 8. Interpretar de maneira literal a frase, para que o alumno se dea de conta de en que consiste o erro e se autocorrixa. Un posíbel efecto negativo é que o alumno se sinta humillado.
 9. Aproveitar o erro para facer unha explicación sobre o punto errado. Se se abusa deste método, o docente acapara o tempo da clase.
 10. Reformular a modo de comentario (feedback encuberto ou *scaffolding*/andamiaxe).
 11. Non corrixir o erro, ignoralo e seguir coa conversa.
 12. Non dicir nada no momento. Apuntar o erro e comentalo máis tarde (*feedback* en diferido).



Comprobación da comprensión

- **Por que debemos comprobar a comprensión?**
- **Como beneficia a alumnado e profesorado?**

Beneficios do chequeo de comprensión...

Para o **alumnado**:

- participar no proceso formativo
- tomar o pulso de súa aprendizaxe
- dárle máis oportunidades de aprendizaxe
- conectar a aprendizaxe actual co anteriormente aprendido
- conseguir mellores resultados

Para o **profesorado**:

- iniciar o proceso formativo
- tomar o pulso da comprensión real de toda a clase
- saber se hai malentendidos ou conceptos erróneos e correxilos
- decidir que material debería repasar ou ensinar de novo
- conseguir mellores resultados

Erros a evitar cando preguntamos para comprobar a comprensión (a)

Moitas veces formulamos preguntas de xeito que inconscientemente **inhibimos a aprendizaxe**.
Que facemos mal e que consecuencias ten?

- **Manipulamos o diálogo porque temos respostas “correctas” preconcebidas e diriximos as contestacións cara a elas:**
O alumno/a non pensa, e di o que o profesor quere que diga..
- **Non damos tempo suficiente para pensar antes de responder:** Limitamos o tipo de pregunta e así predominan preguntas de feitos (60%) porque son de resposta inmediata.

Erros a evitar cando preguntamos para comprobar a comprensión (b)

- **“Premiamos” respostas rápidas:** Só responde o alumando mais rápido, que soe ser sempre o mesmo. O resto non se atreven. Estamos desconectadas da comprensión real da maioría da clase.
- **Damos oportunidades de practicar a un número moi limitado de alumnos/as.** So uns poucos reflexionan sobre a súa aprendizaxe.
- **Formulamos preguntas que non permiten graos de comprensión de tipo si/non** (“Hai preguntas?” “Hai dúbidas”?, “Comprendiches?”): Perdemos o pulso da comprensión real do alumnado.
- **Empregamos a técnica de “levantar a man” para chamar ao alumnado:** Permitimos erroneamente que a participación no proceso de aprendizaxe na aula sexa voluntaria

Técnicas adecuadas para formular preguntas

“QUE”, non “SE”

**Preguntas
enfocadas en
procesos e
métodos**

***Que preguntas tendes?
Que dúbidas aínda tendes?
Que comprenderas até agora?
Que engadirías ao que dixo Pepe?
Por que é correcto/falso?***

Dio outra vez mellor (Say it again better)

Conectar e engadir/construír

Técnicas adecuadas para garantizar la participación

Cold calling

Batch calling

Pre-calling

Palos de polo

Naipes

Fichas de falar (talking chips)

Xerador de nomes dixital

Think-Pair-Share

Pair-Share

Outras estratexias/técnicas para comprobar a comprensión (1)

edutopia.org recolle 53 estratexias e técnicas para comprobar o alumnado comprendeu a materia, que poden adaptarse a calquera situación na aula. Paga a pena tentar incorporalas nas leccións, elixindo 1 por lección e reflexionando sobre a súa eficacia.



“53 Ways to Check for Understanding.”

<https://www.edutopia.org/sites/default/files/resources/edutopia-finley-53-ways-to-check-understanding-2016.pdf>

Outras estratexias/técnicas para comprobar a comprensión (2)

O autor Barak Rosenshine explica como os docentes efectivos frecuentemente comproban a comprensión...

- ★ Formulando **preguntas** ao alumnado
- ★ Pedindo al alumnado que...
 - **resuma** o material
 - **repita** instrucións o procedementos
 - **exprese o seu (des)acordo** coas respostas doutr@s compañeir@s
 - **pense en alto**, especialmente ao planificar redacións escritas
 - **explique ou defenda** a súa postura ante os demais



Rosenshine, Barak. 2012. "Principles of Instruction: Research-Based Strategies That All Teachers Should Know." *American Educator* Vol. 36, No. 1, Spring 2012, AFT."

Feedback

- Positivo ou negativo?
- Ferramentas para feedback



Cal é o tipo de feedback máis efectivo?

- **Debe combinarse feedback positivo e negativo.**
 - O feedback exclusivamente positivo contribúe á fosilización dos erros.
 - Un uso excesivo do feedback negativo é contraproducente e desmotivador.
- **Nos niveis A e B a corrección debe ser mais sistemática para tentar evitar que ditos erros se fosilicen, especialmente de cara ao nivel C.**

Ferramentas de feedback (A)

A base da avaliación formativa é a de que o alumno tome conciencia do seu propio **proceso de aprendizaxe** (avances, estancamentos, accións que o fixeron progresar e aquelas que o levaron ao erro). A avaliación debe ser un instrumento para estimular as súas habilidades metacognitivas: **APRENDER A APRENDER**.

A avaliación e as estratexias avaliativas que se plantexen na aula teñen que facilitar o desenvolvemento de habilidades de autoconecemento e autorregulación, facilitando:


- a autoanálise respecto ás súas actitudes e o control do esforzo e adicación que pon nas tarefas de aprendizaxe;
- o control da avaliación, ou sexa, a capacidade para planificar as accións que implique a avaliación, para valorar en que medida se aparta do plan previsto e para adoptar as medidas oportunas de acordo ás posibles desviacións;
- o control da adquisición dos coñecementos e das habilidades a fin de identificar estados iniciais que lle dificultan ou facilitan a adquisición de novos coñecementos, e tomar conciencia das súas propias estratexias de aprendizaxe (identificación dos procedementos máis efectivos para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, fonte de erros, etc.)

Ferramentas de feedback (B)

Entón, que ferramentas podemos usar?

- **Mapas conceptuais.**
- **Rúbricas.**
- **Baremos de certificación (rúbrica).**
- **Listas ou follas de control.**
- **Follas de observación.**
- **A gamificación.**

Ferramentas de feedback: exemplos



Exemplo de mapa conceptual (Ángela Carretero)

Ferramentas de feedback: exemplos

Rúbricas

Definición: “É un conxunto de criterios para o traballo do estudantado que inclúe a descrición do nivel de calidade dos criterios (Brookhart (2013): 4).

Vantaxes: danlle información diagnóstica ao profesorado; achéganlle avaliación formativa ao estudantado; facilitan a comprensión por parte do estudantado dos criterios e do obxectivos; aportan unha puntuación para calificar unha tarefa.

Desvantaxes: pouco manexables para a avaliación formativa, non achegan información sobre o que hai que mellorar e hai que traballalas e negociarlas co estudantado.

Importancia: Achega ao estudantado información das calidades que o seu traballo debería ter. Ao profesorado axúdanlle a enfocar cales son os criterios. Permiten precisar e comunicar os criterios que se terán en conta para avaliar, proporcionando expectativas precisas sobre o que será considerado na avaliación.

A continuación, vemos un exemplo de rúbrica para avaliar a riqueza da fluidez das estruturas, publicado en Brookhart (2013): 136-137.

Ferramentas de feedback: exemplos

SENTENCE FLUENCY			
	NOT PROFICIENT		
	1 Beginning	2 Emerging	3 Developing
	Sentences are incorrectly structured; reader has to practice to give paper a fair interpretive reading; it's nearly impossible to read aloud.	Sentences vary little; even easy sentence structures cause reader to stop and decide what is being said and how; it's challenging to read aloud.	Sentences are technically correct but not varied, creating sing-song pattern or lulling reader to sleep; it sounds mechanical when read aloud.
A	Sentence structure is choppy, incomplete, run-on, rambling, or awkward.	Sentence structure works but has phrasing that sounds unnatural.	Sentence structure is usually correct, yet sentences do not flow.
B	No sentence sense—type, beginning, connective, rhythm—is evident; determining where sentences begin and end is nearly impossible.	There is little evidence of sentence sense; to make sentences flow correctly, most have to be totally reconstructed.	Sentence sense starts to emerge; reader can read through problems and see where sentences begin and end; sentences vary little.
C	Incomplete sentences make it hard to judge quality of beginnings or identify type of sentence.	Many sentences begin in same way and are simple (subject-verb-object) and monotonous.	Simple and compound sentences and varied beginnings help strengthen piece.
D	Weak or no connectives create massive jumble of language; disconnected sentences leave piece chaotic.	"Bah" connectives (and, so, but, then, and because) lead reader nowhere.	Few simple connectives lead reader from sentence to sentence; though piece remains weak.
E	Rhythm is chaotic; not fluid; piece cannot be read aloud without author's help, even with practice.	Rhythm is random and may still be chaotic; writing does not invite expressive oral reading.	Rhythm emerges; reader can read aloud after a few tries.
Key question: Can you feel the words and phrases flow together as you read it aloud?			

PROFICIENT			
	4 Capable	5 Experienced	6 Exceptional
	Sentences are varied and hum along, tending to be pleasant or businesslike though may still be more mechanical than musical or fluid; it's easy to read aloud.	Some sentences are rhythmic and flowing; a variety of sentence types are structured correctly; it flows well when read aloud.	Sentences have flow, rhythm, and cadence; are well built within strong, varied structure that invites expressive oral reading.
A	Sentence structure is correct and begins to flow but is not artfully crafted or musical.	Sentence structure flows well and moves reader fluidly through piece.	Sentence structure is strong, underscoring and enhancing meaning while engaging and moving reader from beginning to end in fluid fashion.
B	Sentence sense is moderate; sentences are constructed correctly with some variety, hang together, and are sound.	Sentence sense is strong; correct construction and variety are used; few examples of dialogue or fragments are used.	Sentence sense is strong and contributes to meaning; dialogue, if present, sounds natural; fragments, if used, add style; sentences are nicely balanced in type, beginnings, connectives, and rhythm.
C	Sentence beginnings vary yet are routine, generic; types include simple, compound, and perhaps even complex.	Sentence beginnings are varied and unique; four sentence types (simple, compound, complex, and compound-complex) create balance and variety.	Varied sentence beginnings add interest and energy; four sentence types are balanced.
D	Connectives are original and hold piece together but are not always refined.	Thoughtful and varied connectives move reader easily through piece.	Creative and appropriate connectives show how each sentence relates to previous one and pulls piece together.
E	Rhythm is inconsistent; some sentences invite oral reading, others remain stiff, awkward, or choppy.	Rhythm works; reader can read aloud quite easily.	Rhythm flows; writing has cadence; first reading aloud is expressive, pleasurable, and fun.
Key question: Can you feel the words and phrases flow together as you read it aloud?			

Ferramentas de feedback: exemplos

Listas/follas de control

Son unha ferramenta moi útil para realizar unha toma de datos de xeito rápido nunha tarefa de expresión oral por parte do profesor.

- Son máis simples que as rúbricas. Teñen que ser simples.
- Úsanse para a avaliación formativa das destrezas activas.
- É conveniente negociarlas co alumnado
- Son moi útiles para a avaliación, a autoavaliación e a coavaliación.
- O sistema de calificación é binario, e indica se unha determinada característica está presente ou non.
- É importante que o que se vaia a controlar se centre nalgunha tarefa pechada. Por exemplo, se pensamos nun monólogo no que teñan que contar as súas últimas vacacións, controlaremos o uso dos tempos verbais (pretérito perfecto / imperfecto), o uso dos artigos, a formación do plural, o uso dos conectores para narrar, a fonética...

Que sistema de calificación usamos?

Sistema binario, como moito de 3 elementos:

Si/Non

Sempre / Ás veces / Nunca

Emoticons

Ferramentas de feedback: exemplos

Uses correct grammar and sentence structure	Always	Sometimes	Never
Formulates sentences correctly	☐	☐	☐
Uses verbs correctly	☐	☐	☐
Forms plurals correctly	☐	☐	☐
Asks grammatically correct questions	☐	☐	☐
Uses pronouns correctly	☐	☐	☐
Meaning	Always	Sometimes	Never
Uses age-appropriate vocabulary	☐	☐	☐
Uses concepts of location, time, and quantity	☐	☐	☐
Uses humor, sarcasm, and figures of speech appropriately	☐	☐	☐
Produces complex sentences	☐	☐	☐

Source: Adapted from J. B. Tomblin, H. L. Morris, and D. C. Spriestersbach. (2000). *Diagnosis in speech-language pathology*, 2nd ed. San Diego, CA: Singular.

Exemplo de lista de control
(Carlos Valcárcel)

Ferramentas de feedback: exemplos

	YO	Angela
• adapto vocabulario <u>propio de estados de ánimo, sentimientos y emociones: enamorado, emocionado, inseguro, desesperado...</u>	5	
• adapto vocabulario <u>propio para describir el enamoramiento/estados físicos asociados: enamorarse de, soñar con, pensar en, temblar, llorar,...</u>	3	
• utilizo vocabulario de los textos modelo...	4	
• utilizo marcadores temporales: <u>el primer día, cuando, cada vez...</u>	4	
• empatizo: <u>te entiendo muy bien, yo en tu lugar...</u>	2	
• expreso deseos: <u>quisiera, espero,...</u>	2	
• <u>respeto la sintaxis</u> básica del alemán de las oraciones	3	
• está cohesionado con <u>conectores causales: ...</u>	3	
• <u>utiliza el subjuntivo</u>	3	
• <u>conjug</u> a los verbos correctamente	3	
• <u>respet</u> a los casos -nominatiu, acusatiu, datiu	2	

Exemplo de lista de control de expresión escrita (Ángela Carretero)

Input:

Acabades de recibir un correo do/a voso/a mellor amigo/a que se namorou dun compañeiro da clase e pídevos consello.

Respostádelle para axudalo/a amosándolle o voso apoio

Ferramentas de feedback: exemplos

	Perfectamente / Moi ben	Ben	Regular	Mal
1) VOCABULARIO Coñezo vocabulario suficiente para poder falar do tema e mencionar información sobre tódolos puntos? Emprego... Sustantivos? Adxectivos? Pronomes? Verbos? Adverbios?				
2) GRAMÁTICA Uso (e/ou uso ben)... -Presente simple. Pasado simple. Presente <u>continuo</u> ? -Can / <u>Let's</u> para facer <u>sugerencias</u> ? -orde correcta das palabras (<u>sobre todo</u> en preguntas?) -os pronomes necesarios para cada situación?				
3) ADECUACIÓN -Fíxon o que se me pedía na tarefa? -Toquei tódolos puntos?				
4) PRONUNCIA E FLUIDEZ -Pronuncio as palabras <u>“á inglesa”</u> , non <u>“á española”</u> ? -Falo <u>moi rápido</u> / <u>lento</u> ? <u>emmmmmmm</u> ? Pausas <u>grandes</u> ?				
5) COHERENCIA E COHESIÓN -Digo / non digo <u>cousas</u> contradictorias? -As ideas están/ non están de sordenadas? -Uso / non uso palabras para conectar frases (<u>and</u> , <u>but</u> , <u>so</u> , <u>because</u> , <u>then</u> , <u>finally</u> ...)?				

Exemplo de folla de control para a expresión oral, negociada co alumnado de A2 (Manuel del Río)

Input:

Acabades de recibir un correo do/a voso/a mellor amigo/a que se namorou dun compañeiro da clase e pídevos consello.

Respostádelle para axudalo/a amosándolle o voso apoio

Ferramentas de feedback: exemplos

Nombre: _____ Fecha: _____

Grupo: _____

Hoja de evaluación de un escrito

Criterios	5	4	3	2	1	0	Observaciones
Contenido: el tema y la idea central se presentan de forma clara.							
Organización: las oraciones y los párrafos presentan ideas claras; el escrito, en general, presenta secuencia lógica de las ideas (inicio, desarrollo y cierre).							
Vocabulario y gramática: uso adecuado del vocabulario y las reglas gramaticales.							
Ortografía, acentuación y puntuación: la escritura de las palabras y el uso de los signos de puntuación es correcta.							

Escala:
5= Excelente 4= Muy bueno 3= Bueno 2= Deficiente 1= Pobre 0= Muy pobre

Follas de observación

- Son más completas que as listas de control.
- Serven para recollida de información, recóllese unha cantidade maior de información en relación ás listas de control e ás rúbricas.
- Inclúen comentarios e observacións.
- Valoran se se cumpre o obxectivo.

Ferramentas de feedback: exemplos



Seal of Approval

I am happy with this!

[Detalles](#)



Great Graffiti

For replying and posting to Edmodo to stay involved and getting others involved as well.

[Detalles](#)



Apples of Gold

For using and spreading good vocabulary and idioms. As the Bible says: "A word fitly spoken is like apples of gold in settings of silver".

[Detalles](#)



Read the Runes

For achieving a result of 22 or more points in a reading task.

[Detalles](#)

IMPORTANTE: Véxase o apartado de TICs para a avaliación formativa.

Gamificación

A gamificación establece obxectivos didácticos como se fose un reto a superar polo alumnado e xera entre o alumnado elementos competitivos, outorgándoselles premios ou recompensas polos logros: puntos, medallas ou insignias por acadar os obxectivos e progresar no curso.

A gamificación xera un sistema de feedback inmediato ás actuacións dos participantes, favorecendo a súa motivación.

Exemplos de gamificación:

- Uso de adesivos.
- Uso de insignias e medallas (Edmodo, kahoot...).

A reflexión e o seguimento




- A importancia da reflexión e o seguimento.
- *Entry tickets* e *exit tickets*
- Diarios de diálogo e aprendizaxe


Importancia da reflexión e o seguimento

A reflexión e o seguimento activo do progreso son fundamentais porque:

- permiten conseguir mellores resultados e maiores logros
- aumentan a motivación
- aumentan o esforzo
- aumentan a confianza
- fai que o esforzo se valore



Entry / exit tickets (definición)



O *entry ticket* ou *exit ticket* (“billete de entrada” ou “billete de saída”) é unha estratexia de avaliación informal para recoller respostas antes de comezar a clase/sesión/período (*entry*) ou ao rematalos (*exit*).

Deben ser rápido e obter datos inmediatos. Non é preciso usalos sempre.

Poden ter innumerables formatos (oral, en papel, dixital), pero soe consistir en unhas preguntas clave sobre os contidos tratados.

Favorecen a reflexión, o seguimento e a retroalimentación (para aprendices e profesores).



Entry / exit tickets (ferramentas)

Ideas para *entry/exit tickets*
de Matt Miller



**DITCH THAT
TEXTBOOK**



Ideas para *entry/exit tickets*
de @profestation

Plantillas para *entry/exit tickets* en



TemplateLAB

Aplicación xeradora de
entry/exit tickets

ziplet

Edunators****

Overcome Obstacles | Focus on Learning

**35 preguntas para a reflexión
do/a estudante**

Edunators****

Overcome Obstacles | Focus on Learning

**35 preguntas para a reflexión
do/a profesor/a**

Diarios de aprendizaxe e diálogo

Os **diarios de aprendizaxe** son idóneos para traballar na **aula de idiomas**:

- Dan **voz** a todo o alumnado
- Potencian a **reflexión** e a meta-cognición de forma activa e intencionada
- Son **multi-formato**: a man, dixital (diarios e blogs), audiovisual (podcasts e vídeo)
- Son **flexibles** en contido e temporalidade:
 - por obxectivos, criterios, proxectos, tarefas
 - por día, semana, mes, unidade
 - con tema libre o a base de *prompts*

Os **diarios de diálogo** permiten un *feedback* continuo do alumnado entre sí e co/a profesor/a

penzu


Journal module

Diarios

penzu

moodle

QUEN

fa avaliación formativa

As tres modalidades de avaliación:

- auto-avaliación
- co-avaliación
- hetero-avaliación

3

As 3 modalidades de avaliación

autoavaliación

do/a alumno/a
a sí mesmo/a

heteroavaliación

profesorado
ao alumnado
(ou alumnado ao
profesorado)

coavaliación

entre pares
(uns estudantes
a outros)

Que é a autoavaliación?

Mediante a autoavaliación o alumnado fai unha serie de valoracións sobre o estado actual da súa aprendizaxe con respecto a un estándar ou criterio de calidade. A autoavaliación NON é unha autocualificación nin un seguimento da súa propia aprendizaxe. (Chappuis)

Porque o alumnado debe autoavaliarse?

- A autoavaliación forma parte indispensable do proceso de avaliación formativa. É imposible falar de avaliación formativa sen realizar de forma consciente e polo miúdo a autoavaliación na aula.
- Os resultados melloran cando o alumnado reflexiona sobre a súa aprendizaxe e expresa o que comprende e o que aínda ten que aprender. Para garantir mellores resultados a autoavaliación debería ir acompañada dunha reflexión por parte do alumnado acerca dos próximos pasos a seguir para reducir a brecha entre as metas e os logros. (Black & Wiliam; Chappuis)

Non hai avaliación formativa sen autoavaliación.



Autoavaliación

Ventaxas

1. Avaliar o progreso da aprendizaxe propia é fundamental para o proceso de aprendizaxe
2. Avanzar na aprendizaxe só é posible despois de darse conta do que necesita ser aprendido
3. Se o/a estudante pode identificar o seu progreso, isto pode resultar motivador (animalo a profundizar e avanzar na aprendizaxe) e animar á reflexión crítica sobre o proceso de aprendizaxe.
4. Relacionado co anterior, a autoavaliación promove responsabilidade, independencia e activación do aprendiz.
4. A autoavaliación conecta directamente coa avaliación formativa, e co énfase na aprendizaxe do alumno (frente á ensinanza do docente).
5. O estudante 'traballa para sí' (e interioriza esa aprendizaxe dun xeito diferente a cando o traballo simplemente lle ven imposto dende arriba, polo docente). Conecta co punto 4 subliñando a autonomía do alumno, e a 'aprendizaxe para a vida'.
6. Cando o alumnado ten que participar na elaboración de grellas de autoavaliación e en tarefas de meta-aprendizaxe, profundizan no concepto de 'bo resultado / resultado satisfactorio' nunha área de aprendizaxe concreta.

Desventaxas

1. Aumenta o traballo do docente e do discente (do docente pola necesidade de 'formar' ao alumno no proceso da autoavaliación)
2. Os estudantes, sobre todo ao principio, non se sinten preparados para facelo
3. Se inflúe na nota final, perigo de 'inflar' a produción propia.

Os resultados da autoavaliación son fiables e realistas?

- Os resultados da autoavaliación adoitan ser fiables e realistas e incluso o alumnado tende ser máis esixente consigo mesmo. (Black & Wiliam)
- Os alumnos máis novos adoitan esaxerar os seus logros mentres a auto-avaliación do alumnado adulto adoita ser máis realista. (Chappuis)
- Os resultados adoitan ser máis fiables canto máis sinxela sexa a tarefa. (Chappuis)
- O alumnado máis capacitado a miúdo valórase de forma máis realista.

Como facer a autoavaliación

É importante debater e explicar ben o concepto ao alumnado antes de poñela en práctica, e cando se deseñan as ferramentas (rúbricas, etc...), negocíalas co alumnado, para que a éste lle resultan unhas ferramentas claras e útiles de empregar.

Pódese empezar amosando exemplos de prácticas doutros alumnos e comentar as impresións que xeneren.

Moita da literatura científica insiste en que é importante separar a autoavaliación de 'poñer nota' - Kirby and Downs (2007).

Boud (1995) afirma que para implementar a auto-avaliación formativa necesítase do seguinte:

- a. Ter claro a utilidade: para qué facemos esta actividade concreta?
- b. Procedementos explícitos: os estudantes teñen que saber o que se agarda deles
- c. A confianza de traballar nunha contorna 'segura' na que poden ser sinceros a respecto da súa propia produción, sen temor a que isto xere información que poida ser empregada na súa contra
- d. Confianza en que os demais estudantes van a facer o mesmo.

Que fago cos resultados da autoavaliación?

Os resultados obtidos deberían servir como punto de partida para **axustar** tanto a docencia coma a aprendizaxe.

O **profesorado** debería analizar os resultados para determinar que cambiar na súa instrución e así garantir mellores resultados.

O **alumnado** debería reflexionar sobre como modificar a súa aprendizaxe para lograr os obxectivos desexados.

Unha autoavaliación eficaz (a)

- Lévese a cabo **antes** da retroalimentación ou da avaliación polo docente.
- Está vinculada aos **obxectivos da aprendizaxe**.
- Oriéntase cara a **mellora** de aspectos baseados en obxectivos; NON cara a recibir unha puntuación ou mellorar unha nota.
- Vai **precedida** dunha práctica guiada na que o alumnado avalía mostras (fortes e débiles) ANÓNIMAS empregando os mesmos instrumentos e criterios que usarán na autoavaliación.
- Baséase nun número limitado de **criterios moi precisos** e redactados en **linguaxe amigable** (evitáse a metalinguaxe).

Unha autoavaliación eficaz (b)

- Emprega instrumentos **descriptivos** e non cuantificativo;
- Emprega linguaxe **descriptiva** baseada na consecución de obxectivos (por exemplo: *conseguido, en proceso, iniciado, non iniciado*).
- Evita cualificacións numéricas (ex: 1-5), letras (A, B, C; D; F), e etiquetas subxectivas (excelente, mal, satisfactorio, regular, ben...).
- Vai acompañada dunha **reflexión** acerca dos próximos pasos a seguir para reducir a fenda entre as metas e os logros de aprendizaxe.
- Compártese publicamente unicamente se hai unha razón xustificada e co permiso do alumnado.

TICs

para avaliación formativa

- **Diversidade de ferramentas TIC: específicas e adaptables**
- **Ferramentas, aplicacións e plataformas:**
 - ▶ Xeradores de rúbricas e *checklists*
 - ▶ Portafolios dixitais
 - ▶ Sondaxes, enquisas e *brainstorming*
 - ▶ Mapas conceptuais e nubes de palabras
 - ▶ Conversas en liña
 - ▶ Audio e video
 - ▶ Quizzes e xogos



Tipos de Tics para avaliación formativa

No mundo das TIC, existe unha **rica variedade** de aplicacións, ferramentas, plataformas e software para empregar na avaliación formativa. A maioría delas están en inglés e ofrecen versións gratuítas e de pago.

Pódense dividir en dous grandes grupos:

- as TIC concibidas e creadas **especificamente** para desenvolver a avaliación formativa
- as TIC cuxas **características favorecen e facilitan** a avaliación formativa, aínda que non foron ideadas para iso

A pesares da gran variedade de TIC, é importante ter en conta que unha soa ferramenta non cobre todas as necesidades que se presentan en cada situación de avaliación que realizamos. Para que a elección das TIC sexa a máis axeitada a cada situación e para garantir o éxito e relevancia da avaliación, deberíamos reflexionar de antemán sobre unha serie de preguntas:

- Cal é o **obxectivo** da avaliación? Que **tarefa ou aspecto en concreto** se vai avaliar e en que formato e medio se vai realizar o alumnado dita tarefa?
- Que avaliación: **auto-avaliación, co-avaliación, ou hetero-avaliación**?
- Mediante que **formato** e medio se vai realizar a avaliación e como se van **compartir** os resultados co alumnado?
- A avaliación vaise realizar **dentro ou fóra** da aula?
- **Cando** se vai realizar a avaliación: en tempo real ou en diferido? E a compartición dos resultados?
- **Equipamento**: a aula conta con conexión WIFI? Dispositivos 1:1? Cales?

TICS específicas (1)

Ferramentas e aplicacións




Flipgrid



Plataformas

formative



peergrade

Formative e **Peergrade** permiten a co-avaliación anónima.
Piazza é atractiva para o alumnado adulto: pregunta e resposta en formato de WIKI.



Dúas versións:

- [Web App](#) (consultar estas [How-to guides](#))
- [Kaizena Shortcut](#): Extensión de Google Docs (Interesante versión mais está dando algún ca outro problema)

Características:

- Gratuíta
- En inglés (tradución automática coa extensión de Chrome Google Translate)
- Compatible con Google Drive
- Non require abrir unha conta: o alumnado únese ao grupo mediante un código
- O alumnado participa no proceso de feedback nunha conversa co docente.



Formatos para a avaliación fomativa da **expresión escrita**:

- Google Docs
- Google Slides
- Google Sheets
- PDF
- Word
- PowerPoint
- JPG
- PNG

Feedback rápido e personalizado mediante

- **Voz:** O *feedback* mediante audio asincrónico é un 75% máis rápido, transmite tono, aumenta a presenza do docente, mellora a sensación de comunidade, e o alumnado prefírea ao escrito
- **Texto escrito**
- **Destrezas** (*skills*): O docente crea as súas propias rúbricas para avaliar destrezas mostradas nos traballos. Pódese facer á medida do profesor e facer un seguimento para saber como vai progresando o alumnado.
- **Leccións** (*lessons*) Pódese crear usando texto, vídeos, e ligazóns, e gardalas para reutilizar. A app conta cun banco de leccións xa feitas en inglés
- **4 cores** de resaltado

TICS específicas (2)

Xeradores de rúbricas e listas de control



- Polo xeral son intuitivos, sinxelos e doados de usar.
- Non todos permiten editar e gardar a rúbrica.
- Moitos permiten consultar e compartir as rúbricas con outros usuarios.

TICS específicas (3)

Portfolios dixitais

Portfolio Europeo de las Lenguas



O **ePEL** é tremendamente poderoso para fomentar a aprendizaxe autónoma en linguas. Está baseado na competencia clave de aprender a aprender. Permite a autoavaliación, establecer obxectivos e facer un seguimento do seu proceso e produto de aprendizaxe. Ademais, o alumnado pode subir mostras de texto e multimedia que evidencian a súa competencia lingüística.

TICS favorecedoras (1)

Quizzes e xogos

Naiku

ProProfs



Kahoot!



Quizlet

Son ferramentas poderosas que permiten ao alumnado amosar a súa aprendizaxe e ao profesorado avaliar dentro da aula e en tempo real o proceso e produto de aprendizaxe.

TICS favorecedoras (2)

Enquisas, sondaxes e *brainstorming*

AnswerGarden 

 Poll Everywhere




 bsurvey
surveys made easy

Son ferramentas poderosas que permiten ao alumnado amosar a súa aprendizaxe e ao profesorado avaliar dentro da aula e en tempo real o proceso e produto de aprendizaxe.

TICS favorecedoras (3)

Conversas en liña (real ou diferido)

Backchannel chats



Soen ser debates en liña baseados sobre preguntas previamente subidas polo docente. A maioría permiten conversas de audio e vídeo. Hai conversas en tempo real ou diferido. Semellante a Twitter, mais as conversas prodúcense dentro dun entorno privado moderado polo profesorado

TICS favorecedoras (4)

Audio e video



AudioNote™ US
Notepad and Voice Recorder
Luminant Software, Inc.
Designed for iPad
#26 in Business
★★★★★ 1.2 x 41 Ratings
\$12.99



voxer



edpuzzle



VoiceThread US
VoiceThread.com
★★★★★ 1.2 x 41 Ratings
Free



ANIMOTO



QuickVoice® Recorder US
nFinity Inc
Designed for iPad
★★★★★ 1.2 x 41 Ratings
Free - Offers In-App Purchases



playposit

Con Edpuzzle o profesorado elixe un vídeo, engade preguntas mediante texto ou voz, e fai un seguimento das respostas e comprensión do alumnado.

TICS favorecedoras (5)

Mapas conceituais



TICS favorecedoras (6)

Nubes de palabras



Wordsalad - Smart Word Clouds 4+

Libero Spagnolini

★★★★★ 4,2 • 13 valoraciones

Gratis - Ofrece compras dentro de la app

WORDART

WordSift

Tagxedo

EdWordle

TICS favorecedoras (7)

Para aulas sen dispositivos (con *smartphone*)



TICS favorecedoras (8)

Diarios

penzu

moodle
Journal module



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

eoI

escola oficial **santiago**
de idiomas de compostela

www.eoisantiago.org



Elaborado por Xerardo Fernández, Teresa Moralejo, Xabier de Salvador e Cristina Rodríguez

